

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de maio de 2020**

Ás 18.00 horas do día 20 de maio de 2020, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace <https://call.lifesizecloud.com/3450363>, remitido coa convocatoria) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Interventor: D. José Mosquera Casero

Actúa de **secretario** da comisión, dando fe do acto, don Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense. En particular, e dado o sistema de videoconferencia empregado para a realización da sesión, dáse fe da concorrencia en tempo real dos asistentes, aos que reconece a través da imaxe retransmitida e de que se encontran en territorio español, e da súa capacidade efectiva de participación nas deliberacións que se producen na reunión, así como da manifestación da súa vontade a través do voto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de febreiro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 19 de febreiro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN FORMULADOS POR “CANTERAS DE VILAMARTÍN SL” (CAVIMA) E POR “ÁREA VITAL SL” CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE DO 24 DE OUTUBRO DE 2019, POLO QUE SE APROBOU DE MANEIRA DEFINITIVA A RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “PROXECTO DE TRAZADO DO ACCESO AO NÚCLEO DE SAN VICENTE DE LEIRA DESDE A ESTRADA OU-0807”, NO TERMO MUNICIPAL DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS, APROBADO DEFINITIVAMENTE POR ACORDO DO 26 DE XULLO DE 2018 DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA.

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, alégrase de que o proceso para o arranxo da estrada de San Vicente continúe avanzando. Pregunta se co acordo que se adopte agora se poderá proceder xa a ocupar os terreos, e por outra parte expón a necesidade de que a Deputación arranxe a pista municipal alternativa para o acceso ao barrio dos Chelos de San Vicente (xa que houbo un compromiso da Deputación ao respecto) así como a posibilidade de arranxar unha pista mineira existente para salvar a parte deteriorada do acceso á estrada a San Vicente.

O **Sr. secretario** explica que a expropiación se tramita por urxencia polo que o acordo de necesidade de ocupación permitirá a ocupación dos terreos.

O presidente da comisión di que a rega asfáltica da pista municipal se vai facer e con respecto ao uso da pista mineira como vía alternativa di que como xa se explicou en anteriores comisións, esta é unha cuestión moi complexa que debe consultarse coa directora da Área, porque calquera actuación nesa zona implica riscos moi elevados de derrubamento do noiro.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Desestimar integramente o recurso de reposición interposto pola mercantil Canteras de Vilamartín SL, conforme co informe asinado polo xefe da Sección de Patrimonio e Expropiacións e polo vicesecretario xeral da Deputación, co seguinte contido:

“1.- En relación coa suspensión da eficacia do acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 26 de xullo de 2018 polo que se aproba de maneira definitiva o “Proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira desde a estrada OU-0807”, no termo municipal de Vilamartín de Valdeorras.

Neste particular, comunícase que o recurso administrativo interposto fronte o acordo do Consello da Xunta de Galicia de data de 26 de xullo de 2018 foi xa resolto de maneira expresa pola Administración competente, a través de acordo da Xunta de Galicia do 30 de xaneiro de 2020, recurso que foi inadmitido, ao concluír que o proxecto de trazado obxecto de impugnación ten carácter normativo e, polo tanto, non é susceptible de recurso en vía administrativa, de modo que se alzou a medida cautelar de suspensión da eficacia da resolución administrativa que presta cobertura xurídica ao expediente de expropiación que deba tramitarse para obter a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución da obra declarada de utilidade pública.

En consecuencia co que antecede, non existe impedimento legal para que poida levarse a cabo o expediente de expropiación forzosa unha vez que despreza toda a súa eficacia xurídica a resolución que ampara legalmente o expediente de expropiación.

2.- En relación coa infracción do art. 55.4 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas.

Invoca a parte recorrente que nos atopamos ante un procedemento nulo de pleno dereito porque a resolución do Consello da Xunta de Galicia pola que aproba de xeito definitiva o proxecto de trazado non contén ningunha referencia á fixación da necesidade de ocupación da expropiación, e porque tampouco se xustifica o carácter urxente da expropiación

A normativa sectorial aquí aplicable é clara en sinalar que a aprobación definitiva do proxecto de trazado leva implícita a declaración de utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo novo trazado viario.

Artigo 22 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia. Aprobación definitiva.

“A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pública, da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto, así como para o trazado de planta do proxecto e para as modificacións deste

que, se é o cas, se puideran aprobar posteriormente, e da urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes”.

Artigo 56. Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia. Efectos da aprobación definitiva dos proxectos. “A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.*
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.*
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e da adquisición dos dereitos necesarios para a trazado de planta do proxecto.*
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, no seu caso, puidérense aprobar posteriormente.*
- e) A declaración de urxencia da ocupación”.*

Desta forma, non é necesario solicitar nun procedemento á parte que se declare a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, sendo a aprobación definitiva do proxecto a que determine de maneira automática que o procedemento de expropiación se tramite pola vía de urxencia.

Neste caso, o Consello da Xunta de Galicia adoptou en data do 26 de xuño de 2018 o acordo de aprobación definitiva do proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira desde a estrada provincial OU-0807 remitido pola Deputación Provincial Ourense.

Do mesmo xeito, a relación de bens e dereitos afectados xa foi publicada durante o trámite de información pública aberto durante a tramitación do procedemento de aprobación do proxecto de trazado viario. En calquera caso, para garantir a seguridade xurídica do procedemento de expropiación que agora se tramita, a Administración expropiante decidiu abrir un novo trámite de información pública da relación inicial de bens e dereitos dentro do expediente expropiatorio.

Por todo iso debemos concluír que non é certa a infracción da normativa invocada pola parte alegante, constando no procedemento a apertura do trámite de información pública na que xa se relacionaban os bens e dereitos expropiados, así tamén, queda probada que a tramitación do expediente de expropiación pola vía de urxencia se atopa implícita na aprobación definitiva do proxecto de obra declarada de utilidade pública.

Por todo iso, consideramos que non existe a infracción denunciada pola parte recorrente e, en consecuencia, debemos desestimar o motivo alegado.

3.- En relación coa non inclusión do dereito mineiro “San Vicente n.º 4327”.

O motivo de non incluír o dereito mineiro dentro da relación de bens e dereitos afectados obedece, única e exclusivamente, á existencia dunha resolución administrativa pronunciada pola autoridade competente en materia de minería, que declarou que este dereito mineiro se atopaba caducado.

Sen prexuízo de que esta resolución administrativa fose recorrida en sede xudicial, o propio órgano xudicial que coñece dos autos non acordou a suspensión da súa eficacia, de

modo que, mentres non exista unha resolución xudicial en contrario, entendemos que a resolución administrativa declarando a caducidade do seu dereito mineiro é executiva e, en consecuencia, non procede incluír ningún dereito mineiro dentro da relación de bens e dereitos afectados.

Deste xeito, consideramos que existindo unha resolución administrativa que declarou a caducidade do dereito mineiro do que é titular a sociedade “Canteras Villamartin, SL”, non procede incluír este dereito mineiro na relación de bens e dereitos afectados, polo que non procede estimar o recurso de reposición interposto neste particular.

4.- En relación coa súa oposición á execución da alternativa 1 contida no proxecto de trazado e respecto da non consideración da existencia do vertedoiro de “Pizarras Gallegas, SL” que afecta ao proxecto de trazado.

Respecto a estas dúas cuestións unicamente debemos sinalar que son totalmente alleas ao contido da resolución obxecto do recurso, sendo cuestións que deberán dilucidarse no recurso de reposición interposto pola parte recorrente fronte ao anuncio do 27 de agosto de 2018 polo que se aproba de maneira definitiva o “Proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira desde a estrada OU-0807”.

En consecuencia co que antecede, debemos proceder a desestimar o recurso de reposición neste particular.

5.- En relación coa desconformidade co titular dos predios números 060 e 061 do plano parcelario da obra.

Manifesta a parte recorrente que non é correcta a localización da estrada da Deputación Provincial de Ourense, sen que tampouco achegue documental ningunha que sustente a súa pretensión.

Neste particular unicamente debemos sinalar que a delimitación da superficie é a que aparece identificada nos rexistros públicos unha vez superposto o proxecto de trazado sobre a superficie afectada, de modo que calquera discrepancia respecto da invasión ou non das súas propiedades, se trata de cuestións de titularidade que deberán dilucidarse no seo da xurisdición competente.

Desta maneira, consideramos que a mera alusión a supostas ocupacións é incorrecta definición da concreta situación do viario sen xustificar de maneira “obxectiva” os motivos en que fundamenta a súa pretensión son causa determinante para a desestimación deste recurso.

6.- En relación a medida cautelar solicitada da suspensión da eficacia do acordo impugnado.

De acordo cos artigos 38 e 98 da Lei 39/2015, os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo serán inmediatamente executivos, coas excepcións previstas na lei, sendo unha destas excepcións a adopción do acordo de suspensión da execución do acto. Da dicción destes preceptos despréndese claramente que a regra xeral respecto dos actos administrativos é a da súa executividade, privilexio consubstancial á actividade da administración pública que lle permite incidir na esfera xurídica dos administrados, impondo unilateralmente as súas decisións, polo que, ao ser a suspensión unha excepción a esta regra básica, cando queira que se adopte, deberá vir debidamente motivada.

O artigo 117.1 da dita lei establece que, como regra xeral, a interposición de calquera recurso non suspende a execución do acto impugnado e que para que opere o mecanismo excepcional da suspensión será precisa a previa ponderación suficientemente razoada entre o prexuízo que a suspensión lle causaría ao interese público ou a terceiros e

o prexuízo que se lle causa ao recorrente, nos supostos de que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación ou a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47 da lei. Respecto disto cómpre matizar que, para a ponderación dos intereses en xogo conducente á decisión sobre a suspensión, non abonda cunha mera alegación de prexuízos e causas de nulidade, senón que é precisa a súa proba por parte de quen os invoca.

En relación coa posibilidade de decidir a aplicación de medidas cautelares, cómpre lembrar a consolidada doutrina xurisprudencial existente ao respecto, a cal se pronuncia, claramente, a favor dunha interpretación restritiva de tal posibilidade. Neste sentido, resulta especialmente ilustrativa, pola súa claridade expositiva, a sentenza 189/2019, do 29 de marzo, ditada polo TSX de Galicia, a cal, no seu fundamento de dereito cuarto, sinala o seguinte:

“En este sentido, la Sentencia de la Sala Tercera del Tribunal Supremo de 22/01/2016, nº recurso 2624/2014, ECLI:ES:TS:2016:60 recuerda lo siguiente:

Nuestra jurisprudencia es unánime al exigir de forma ineludible, para la adopción de toda medida cautelar, que el recurso pueda perder su finalidad legítima, lo que significa que, de ejecutarse el acto recurrido, se crearían situaciones jurídicas irreversibles haciendo ineficaz la sentencia que pudiera dictarse e imposibilitando su ejecución "in natura".

No suposto de referencia, admitir a medida cautelar baseándose nas alegacións defendidas polo demandante contraviría o establecido na consolidada doutrina existente ao respecto, toda vez que, tal e como se indicou, a nosa xurisprudencia mantén unha postura unánime ao esixir, para a adopción da medida cautelar, que a aplicación do acto impugnado leve consigo situacións xurídicas irreversibles ou irreparables que lle farían perder á demanda a súa efectividade, feito que no suposto agora examinado non acontece. No suposto de referencia o reclamante fundamenta a aplicación da suspensión na “relevancia dos prexuízos” que se derivarían da execución da resolución impugnada.

Así as cousas, dado que no escrito presentado non se aprecia a existencia de motivación suficiente que poida servir para xustificar a suspensión da resolución cuestionada e que, por outro lado, no procedemento tramitado se cumpriron rigorosamente os trámites exixidos, procede denegar a suspensión solicitada.

Procede alzar a medida cautelar solicitada ao non concorrer no presente recurso administrativo de reposición causas de nulidade no acto impugnado e tampouco prexuízos de imposible reparación, logo, ningún dos requisitos requiridos pola xurisprudencia do Tribunal Supremo para o outorgamento das medidas cautelares.

Debendo prevalecer neste particular o interese público da obra sobre os intereses privados dos titulares dos terreos afectos á súa execución, de modo que todos os prexuízos derivados da execución da obra declarada de utilidade pública se compensarán no seo do expediente de expropiación forzosa que se tramite, en concreto, coa determinación e pago do prezo xusto”.

2º.- A estimación parcial do recurso de reposición interposto pola mercantil “Área Vital, SL” respecto do cambio de titularidade dos predios números 004, 029 (50%), 032, 047, 049, 050, 051, 052, 053, 055, 057, 058, 059, 064, 066, 076, 080 y 081,

desestimándose nas restantes pretensións esgrimidas pola parte recorrente no escrito de recurso, conforme co informe asinado polo xefe da Sección de Patrimonio e Expropiacións e polo vicesecretario xeral da Deputación, co seguinte contido:

“1.- Di a propiedade que non foi incluída a totalidade de predios de titularidade da mercantil “Área Vital, SL”, considerando que a dita omisión infrinxe o artigo 3 da Lei de expropiación forzosa, precepto que sinala:

Artigo 3

- 1. As actuacións do expediente expropiatorio entenderanse, en primeiro lugar, co propietario da cousa ou titular do dereito obxecto da expropiación.*
- 2. Salvo proba en contrario, a administración expropiante considerará propietario ao titular a quen con este carácter conste nos rexistros públicos que produzan presunción de titularidade, que só pode ser destruída xudicialmente ou, no seu defecto, a quen apareza con tal carácter nos rexistros fiscais ou, finalmente, o que o sexa pública e notoriamente.*

Manifesta, en concreto, a mercantil que tamén é titular dos seguintes predios incluídos na relación de bens e dereitos afectados: 004, 029 (50%), 032, 047, 049, 050, 051, 052, 053, 055, 057, 058, 059, 064, 066, 076, 080 e 081, achegando documentación para acreditar tal condición.

Co escrito de recurso achega nova documentación para acreditar a titularidade dos predios, que non foi achegada no anterior trámite procedimental, comprobándose na dita documental que ningún dos predios aos que fai alusión se atopa inscrito no Rexistro da Propiedade, logo, non é certo que a resolución recorrida infrinxise o art. 3 da Lei de expropiación forzosa.

Da documentación agora achegada despréndese que a mercantil “Área Vital, SL” é titular dos citados predios, polo que consideramos que procede estimar o recurso de reposición interposto neste particular de solicitar o cambio de titularidade das predios números 004, 029 (50%), 032, 047, 049, 050, 051, 052, 053, 055, 057, 058, 059, 064, 066, 076, 080 y 081 a favor de “Área Vital, SL”.

2.- En relación coa considerada infracción do artigo 23 da Lei de expropiación forzosa.

Respecto da fixación da necesidade de ocupación di o art. 23 da Lei de expropiación forzosa o seguinte:

Artigo 23. Solicitude de expropiación total de predio por resultar antieconómica a conservación parcial.

Cando a expropiación implique só a necesidade de ocupación dunha parte de predio rústico ou urbano, de tal modo que a consecuencia de aquela resulte antieconómica para o propietario a conservación da parte do predio non expropiada, poderá este solicitar da administración que a dita expropiación comprenda a totalidade do predio, debendo decidirse sobre isto no prazo de dez días. A dita resolución é susceptible do recurso de alzada previsto no artigo anterior, e non se dará o recurso contencioso - administrativo, estándose ao disposto no artigo 46.

No razoamento xurídico esgrimido pola parte recorrente non se proba o carácter antieconómico da parcela sobrance, de modo que, non constando os motivos de por que se

produce o prexuízo económico, debemos considerar a necesidade no seu momento, en fase de prezo xusto, de que o propietario poida ser indemnizado non só polos bens que se lle expropian senón tamén polos demais prexuízos que se lle causen, sen que estes prexuízos garden relación cos supostos previos no art. 23 e 46 da LEF pois operan na marxe de que a parte non expropiada resulte antieconómica, carácter que a parte recorrente non conseguiu probar.

Artigo 23 que se atopa en íntima relación co artigo 15 do mesmo corpo normativo cando sinala que bens deberán incluírse na relación de bens e dereitos.

Artigo 15. LEF- Necesidade de ocupar bens ou adquirir dereitos indispensables para o fin da expropiación forzosa. Alcance

“Declarada a utilidade pública ou o interese social, a administración resolverá sobre a necesidade concreta de ocupar os bens ou adquirir os dereitos que sexan estritamente indispensables para o fin da expropiación. Mediante acordo do Consello de Ministros poderán incluírse tamén entre os bens de necesaria ocupación os que sexan indispensables para previsibles ampliacións da obra ou finalidade de que se trate”.

O contido deste último precepto legal é claro, deberán expropiarse os bens estritamente indispensables para a execución da obra declarada de utilidade pública. Non podemos esquecer que a expropiación forzosa se concibe como un mecanismo legal que supón a privación coactiva, por causa de utilidade pública ou interese social, dun ben ou dereito patrimonial, mediante a correspondente indemnización.

En todo caso, desde o punto de vista xurídico, esíxese que a expropiación se limite só a aqueles bens que resultan estritamente indispensables para a realización do remate determinante da utilidade pública ou interese social en que se fundamente tal desposesión obrigatoria, limitación que tamén se entende desde o punto de vista da propia lóxica económica na medida que unha expropiación innecesaria implica unha destrución de riqueza existente.

Desta maneira, consideramos que a mera alusión a prexuízos económicos sen xustificar os motivos da súa existencia son causa determinante para a desestimación deste recurso.

3.- En relación coa desconformidade co titular dos predios números 060 y 061 do plano parcelario da obra.

Manifesta a parte recorrente que non é correcta a localización da estrada da Deputación Provincial de Ourense, sen que tampouco achegue documental ningunha que sustente a súa pretensión.

Neste particular unicamente debemos sinalar que a delimitación da superficie é a que aparece identificada nos rexistros públicos, unha vez superposto o proxecto de trazado sobre a superficie afectada, de modo que calquera discrepancia respecto da invasión ou non das súas propiedades se trata de cuestións de titularidade que deberán dilucidarse na xurisdición competente.

Desta maneira, consideramos que a mera alusión a supostas ocupacións e incorrecta definición da concreta situación do viario sen xustificar de maneira “obxectiva” os motivos en que fundamenta a súa pretensión son causa determinante para a desestimación deste recurso”.

3º.- Alzar a medida cautelar de suspensión do acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Ourense do 24 de outubro de 2019, a cal se produciu de maneira automática ao non contestarse a solicitude de suspensión no prazo de 1 mes, de conformidade co disposto no art. 117.3 da Lei 3/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3º.- MODIFICACIÓN DAS BASES 9ª E 10ª DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2020

O **Sr. secretario** expón o contido da proposta.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, anuncia o seu voto a favor, xa que esta proposta responde a unha petición súa.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, anuncia o voto a favor, congratulándose de que o presidente escoitase unha petición da oposición.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, anuncia o voto a favor do seu grupo.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, cre que hai un punto importante, que é que os concellos que xa teñan contratadas as obras ou a redacción de proxectos e a dirección de obra quedan excluídos da posibilidade de utilizar os fondos do plan para outras finalidades e sinala que o Grupo Socialista pediu hoxe información á Deputación sobre que concellos se atopan nesa situación.

O **presidente da comisión** di que se facilitará esa información.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, cre que o Grupo Socialista ten unha actitude un tanto catastrófica, agás onde goberna.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, di que o que lle preocupa é que os fondos do Plan provincial son moi escasos (51.000 euros) pero entende que, a estas alturas, esta modificación é a que se podía facer.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, respóndelle á Sra. Lama Nóvoa que o Grupo Socialista non é catastrófico senón realista e que esta modificación, na

práctica, deixará fóra a moitos concellos da posibilidade de utilizar os fondos do plan provincial.

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable do Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1), do BNG (1) e de Ciudadanos (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente a modificación das bases 9ª e 10ª do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2020, que pasarían a ter a seguinte redacción:

9ª) Réxime especial para os concellos a causa da pandemia de COVID-19.

Os concellos da provincia, coa excepción daqueles que á data da aprobación desta modificación teñan adxudicados –por si ou mediante o servizo de contratación da Deputación- contratos para a execución ou a dirección facultativa dos investimentos incluídos no plan provincial, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 51.000,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencia de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes de que remate o día 2 de decembro de 2020 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán a causa da pandemia de COVID-19.

A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 24.000,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de se-lo caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade. Da dita cantidade poderá destinarse ata un máximo de 2.000,00 € para a contratación dos servizos complementarios precisos para a execución dos investimentos proxectados.

2º.- Someter a dita aprobación ao trámite de información pública, mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, polo prazo de dez (10) días

hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente aprobada de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A INTRODUCCIÓN DE MELLORAS NA ASISTENCIA E COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN AOS CONCELLOS DA PROVINCIA A CAUSA DO COVID 19

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dá lectura ás propostas de acordo da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, di que pode concordar en xeral coa moción, pero cre que falta instarlle ao goberno central a que permita a utilización do remanente de tesourería, e pídelle ao Grupo Socialista que se inclúa isto na moción. Anuncia a reserva do seu voto á espera da resposta do Grupo Socialista.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, anuncia a súa abstención. Di que se se usa o remanente de tesourería da Deputación, duplicar os fondos de cooperación sería pouco. Manifesta o seu apoio ao punto segundo da moción e ao punto terceiro, e sinala que a Deputación de Lugo, por exemplo, xa aplica medidas como as previstas nos ditos puntos. Con respecto ao punto cuarto, non está de acordo xa que as taxas de recollida de lixo que temos son moi baixas e cunha medida así estaríamos trasladándolle á cidadanía a mensaxe errónea de que o servizo é caro, cando non é certo, e ademais de aprobarse esa rebaixa non serviría de nada, xa que só implicaría un aforro de 19 ou 20 euros ao ano por recibo.

O presidente da comisión anuncia o seu voto en contra, por razóns que se exporán no pleno, aínda que adianta que coincide co exposto polo portavoz do BNG con respecto ao punto cuarto.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, anuncia o seu voto en contra, porque non ten claro que se poida facer o previsto no punto primeiro (xa que agora mesmo non se podería dispoñer do remanente) e haberá que ter en conta as futuras caídas de ingresos que hai que prever, ao que engade o seu desacordo co punto cuarto. En

canto ao punto segundo da moción, cre que non é moi concreto e con respecto ao punto terceiro lembra que no pleno do 29 de abril xa se adoptaron medidas neste sentido.

Non se producen máis intervencións e ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3), o voto en contra do Grupo Popular (5) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do BNG (1) e de Ciudadanos (1), a comisión **non** ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo proposto na moción:

- 1.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a que, como mínimo, duplique os importes destinados á cooperación coas entidades locais incluídos nos plans provinciais da institución, delegando nos concellos a potestade para decidir o obxecto do gasto e para tramitar directamente a súa execución.
- 2.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a que a distribución dos fondos para cooperación coas entidades locais se execute mediante un sistema baseado en criterios obxectivos e equitativos, deseñado baixo os principios de transparencia, boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.
- 3.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a que os fondos para cooperación coas entidades locais poidan ter como obxecto outros fins derivados das novas necesidades sociais, económicas ou de seguridade xurdidas, directa ou indirectamente, a causa da epidemia mundial ocasionada polo virus SARS-CoV-2.
- 4.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a reducir nun 25 % o pago do servizo de recollida do lixo, estendéndose esta axuda tamén aos municipios que non teñen delegado este servizo na institución.

5º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE UN PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, expón detalladamente o contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, di que está de acordo co punto primeiro; con respecto ao punto segundo ten dúbidas, xa que se se fai ese reparto do remanente só aos concellos non se lles poderían dar axudas aos autónomos directamente desde a Deputación, e con respecto ao punto terceiro non está de acordo con que todos os fondos vaian a un único plan. Está de acordo co punto cuarto.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, di que concorda en parte coa portavoz de Ciudadanos e destaca, con respecto ao punto terceiro, que propón achegar o 25% do orzamento ao plan único, que aínda non sabemos que ocorrerá en 2021. Está de acordo co punto cuarto, pero ten as súas dúbidas respecto do punto segundo. Anuncia o voto en contra.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, di que esta moción concorda coas reivindicacións do Grupo Socialista, que tamén defende o modelo de plan único, criticando o reparto de fondos arbitrario e de amiguismo que se fai na Deputación e pon como exemplo que na súa comarca se están adxudicando obras a empresas que nin sequera pasan por alí e que subcontratan a totalidade da súa execución. Anuncia a reserva de voto.

Non se producen máis intervencións e ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (5) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Socialista (3) e de Ciudadanos (1), a comisión **non** ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. A Deputación Provincial de Ourense insta ao Estado a que lle permita dispoñer do remanente de tesourería desta institución para pólo a disposición dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia. Instando á derogación da Lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
2. A Deputación de Ourense realizará un reparto proporcional do remanente de tesourería entre os 91 concellos menores de 20.000 habitantes, a través dun reparto lineal base do 30% dos fondos e no que o 70% restante se concederá en función dos criterios acordados no seo da FEGAMP.
3. Os orzamentos provincias para o 2021 establecerán unha achega mínima do 25% para o Plan Único de Cooperación cos Concellos, que se repartirá cos criterios establecidos na FEGAMP e aplicados no resto das provincias galegas e no Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galiza.
4. Instar á Xunta de Galiza a realizar un incremento substancial do Fondo de Cooperación Local, o cal lles permita aos concellos galegos dotarse dunha estabilidade e fiabilidade nos ingresos nestes tempos complexos. Estes fondos procederían dos múltiples convenios e ordes de subvencións que todos os anos se publican por parte da Xunta e que xeran unha enorme carga administrativa farragosa e innecesaria, e nas cales en moitos casos a baremación para a súa adxudicación resulta cando menos pouco clara.

6º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

6ª.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE MUÍÑOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “AMPLIACIÓN DE ACCESOS A REQUIAS E GUNTUMIL”, NO CONCELLO DE MUÍÑOS.

O **Sr. secretario** expón o contido da proposta da Presidencia.

A continuación sométese a votación a urxencia do asunto, que se aproba por unanimidade.

Seguidamente prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, anuncia a abstención do seu grupo e pregunta canto se lle ofreceu a cada propietario polos seus terreos e cal é o valor da taxación de parcela.

O **Sr. secretario** informa que se descoñece ese dato, xa que a proposta se limita á delegación de competencia para tramitar a expropiación, e que o valor de taxación se coñecerá cando o concello remita o proxecto de expropiación.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, anuncia o voto a favor por respecto a unha decisión municipal autónoma.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1), do BNG (1) e de Ciudadanos (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aceptar a delegación de competencia formulada polo Concello de Muíños para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra “ampliación de accesos a Requias e Guntumil”.

2º.- Requirirlle ao concello de Muíños para que presente o proxecto de expropiación necesario para a tramitación do expediente expropatorio, de conformidade co previsto no citado art. 118 da *Lei 2/2016, do solo de Galicia*, así como a certificación urbanística da adecuación das obras ao PXOM do Concello de Muíños.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 19.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará de forma electrónica. Dou fe.